

Entrevista a Vicente Feijoo

Coordinador técnico
do Seminario de
Onomástica da RAG



Páxina 6

Descubriendo a loba branca. Entrevista a Brais González



Páxina 8

O filólogo Gonzalo Navaza ingresa na Real Academia Galega



Páxina 3

Congreso internacional sobre o VII Conde de Lemos en Monforte



Páxina 11

A Xunta acomete a limpeza da Muralla de Lugo

Páxina 12



Cimeira Ibérica em Viana do Castelo “dá” 11 “entendimentos” entre Portugal e Espanha

Páxina 12

Entrevista



Cardeal Baltazar Enrique Porras Cardozo | Arcebispo venezolano

"José Gregorio Hernández é a persoa
que mellor encarna a totalidade do
que é o pobo venezolano"

Páxina 2



**23º Salón Internacional
de Turismo Gastronómico**

Ourense, do 9 ó 13
de novembro de 2022



Expourense

XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo 21-22

DEPUTACIÓN
OURENSE

Concello de
OURENSE

ourense

www.xantar.org



Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Cardeal Baltazar Enrique Porras Cardozo | Arcebispo venezolano

"José Gregorio Hernández é a persoa que mellor encarna a totalidade do que é o pobo venezolano"

O Cardeal Baltazar Porras (1944) é actualmente o VI Arcebispo Metropolitano de Mérida, cronista oficial desa cidade e administrador apostólico da Arquidiocese de Caracas.

Este 19 de outubro ofrendó na Catedral de Santiago de Compostela a Santa Misa en honra ao Doutor José Gregorio Hernández, en proceso de beatificación por parte do Vaticano.

Santiago de Compostela acolleu este 19 de outubro a entronización da Reliquia do Beato Dr. José Gregorio Hernández. Que significado ten esta iniciativa?

En primeiro lugar quero agradecer ao Sr. Julián Barrio Barrios (arcebispo de Santiago de Compostela) pola acollida fraterna, a quen coñezo desde hai varios anos e sei da súa preocupación por Venezuela. En canto ao Doutor José Gregorio Hernández, foi un home polifacético e quen mellor encarna o que é o pobo venezolano, máis aló da súa concepción relixiosa. Foi un home de paz, razón pola que o Papa Francisco, fai algo máis dun ano, nomeouno Copatrono da Cátedra da Paz da súa universidade, a da Sapienza en Roma. Desde as xestións da súa beatificación comprobamos que a súa figura e a súa mensaxe irradia máis aló das fronteiras venezolanas.

Por iso a petición que tivemos dende Galicia permitiunos solicitar a Don Julián Barrio Barrios realizar esa Misa de honra, e deixar tamén esta Reliquia Auténtica do Beato José Gregorio Hernández en cada unha das diócesis que configuran a Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela.

En 2021 o Vaticano abriu o camiño para a beatificación de

"José Gregorio Hernández foi un home polifacético e de paz"



José Gregorio Hernández.

José Gregorio Hernández. Como están a avanzar estas xestións? Reunirase coa súa Santidade para falar deste tema?

Por suposto, teño audiencia co Papa o luns 24 de outubro. Temos tamén unha serie de encontros cos distintos dicaterios romanos, entre eles o da Causa dos Santos, porque recentemente puidemos entregar un posible "milagre", con posibilidades de ser aceptado polas autoridades

eclesiásticas pertinentes. En varias visitas ao interior de Venezuela constatee o fervor popular por quen xa denominan como "San José Gregorio".

Como ve a situación de Venezuela?

Certamente estamos nun momento moi dividido, tanto na situación interna como externa. É visible falta de diálogo en todos os sectores, principalmente daqueles que senten que teñen unha vocación de poder. É unha contradición observar que, no medio das dificultades que vivimos, vimos unha inxección de diñeiro por diversas vías que pode dar a sensación dunha mellora do país. E digo isto porque como explicar que xa a ONU fala de máis de sete millóns de venezolanos que emigraron, incluso afrontando as dificultades que existen para saír do país así como as restricións en países receptores, como é o caso de EE.UU e outros países. Obviamente agradecemos a axuda humanitaria dende o exterior pero debemos ser sensatos. O noso empeño desde a Igrexa católica e a Conferencia Episcopal é que a pastoral social non só é axudar ao necesitado senón tamén promover os valores de independencia e autonomía para poder subsistir. **Notou obstáculos ao labor da**



Igrexa?

Obstáculos indubidablemente sempre os houbo pero tamén é certo que houbo un crecemento na poboación, en parte produto da necesidade, pero que levou a descubrir o valor do que significa a proximidade, a actitude "misericordiosa e samaritana" como o chama o Papa. Debe existir esa capacidade de perdón e de encontro que, por suposto, non é doado e que require dunha serie de condicións para levala adiante. **Que mensaxe quere enviar aos venezolanos e á súa numerosa diáspora?**

"En Venezuela estamos nun momento moi dividido, tanto interna como externamente"

A virtude da esperanza é absolutamente necesaria. Debe existir unha actitude positiva na vida, hai que crer nun mesmo e nos demais. A racionalidade que temos os humanos debe servir para buscar camiños de maior xustiza social, de maior sentido de distribución de todas as riquezas, o material pero tamén a espiritual e a capacidade de convivencia.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

AVE Vigo-Porto para 2026: prioridades portuguesas e expectativas galegas

Por Roberto Mansilla Blanco
O anuncio realizado o pasado 27 de setembro polo primeiro ministro portugués António Costa colocando para 2026 a data definitiva de materialización do AVE Vigo-Porto tivo un obvio impacto inmediato nas autoridades galegas que consideran como "estratéxico" este proxecto ferroviario.

Os medios portugueses fixéronse eco destas expectativas galegas. Un exemplo disto foi o *Jornal de Notícias* (28/09/2022) que intitulou "Presidente da Galiza diz que 'Portugal aposta na alta velocidade. Espanha não'". Utilizando como fonte a conta de Twitter de Rueda, explicaba este xornal que "o presidente da Junta da Galiza, Alfonso Rueda" considerou que "é uma muito boa notícia para a Galiza. Portugal aposta [na ferrovia], Espanha não".

O xornal luso facíase eco das declaracións de Rueda interpelando ao goberno de Pedro Sánchez: "Esperemos que o Governo central reflita e que na Cimeira Ibérica

(de Viana do Castelo em novembro) se comprometa a impulsar esta infraestrutura estratégica para as relacións e competitividade de ambos os territorios".

Jornal de Notícias tamén reproduciu as declaracións vía comunicado da Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, Ethel Vázquez, considerando que o anuncio do goberno portugués "é uma fantástica notícia para a Galiza, que a considera uma infraestrutura fundamental para o desenvolvimento da Eurorregião".

Madrid debe actuar xa

Seguindo co medio portugués, Ethel Vázquez mandou tamén recado a Madrid: "A Junta da Galiza aguarda que este novo passo por parte do executivo luso sirva tamén para que o Governo de Espanha aposte de uma forma decidida por impulsar a conexión ferroviária de alta velocidade entre Vigo e a fronteira portuguesa. A Junta vem reivindicando reiteradamente ao executivo espanhol a planificação completa das obras e investimentos para o AVE Vigo-

Porto, aproveitando a oportunidade única que significam os fundos europeos do mecanismo 'Conectar Europa' e do programa 'Next Generation'.

Vázquez lembrou que o AVE "permitiria reducir o tempo de viagem entre Vigo e Porto das 2.20 horas atuais a menos de uma hora". Así, e seguindo coas declaracións da Conselleira, *Jornal de Notícias* considerou que a expectativa para a Xunta de Galicia é que o Goberno español "comece por assumir um calendário para a Saída Sul, que supõe prolongar o Eixo Atlântico que vai desde a Corunha a Vigo para o levar até o Porriño e conectar com a linha que vai a Portugal".

Por outra banda, Javier Guerra, senador do Grupo Parlamentario Popular por Pontevedra, rexistrou unha moción no Senado para que o goberno de Pedro Sánchez impulse o AVE entre Galicia e Portugal para 2026. Segundo afirmou Guerra, este proxecto "quedou plasmado no Programa Nacional de Investimentos 2030" do goberno portugués, consierando que



"este é o horizonte no que o Goberno portugués quere facer realidade unha demanda histórica de Galicia".

A CCDR-N tamén aposta polo AVE

Por outra banda, o pasado 3 de outubro, a CCDR-Norte de Portugal e a Xunta de Galicia realizaron unha xornada en Vigo sobre "Desafíos atuais em infraestruturas transfronteiriças e desenvolvimento económico da Eurorregião Galicia-Norte de Portugal", no que a decisión portuguesa de acelerar o AVE Vigo-Porto para 2026 tivo un papel estratéxico de discusión.

Segundo afirmou Beraldino Pinto, Vice-Presidente da CCDR-N "a ligazón ferroviária em Alta Velocidade Porto-Vigo é estruturante nessa resposta" de apostar pola conectividade dentro da Eurorregião. "Reforça a coesão do território e insere-nos nas modernas redes europeias".

Pendientes do Cumio Ibérico de Viana do Castelo

As expectativas galegas co AVE Vigo-Porto están agora enfocadas no Cumio Ibérico de Viana do Castelo previsto para o 4 de novembro.

Durante un foro en Santiago de Compostela sobre "Tendencias e servizos do transporte ferroviario en Galicia", Ethel Vázquez fixo valer as demandas da Xunta de Galicia explicando que este cumio ibérico "debe ser un punto de inflexión por parte do Executivo español de cara ao AVE Vigo-Porto", con énfase no "desenvolvemento das actuacións e orzamentos necesarios" para completar este proxecto de conexión de alta velocidade.

Vázquez tamén instou ao goberno de España a que "comece fixando un calendario concreto para a saída ferroviaria sur de Vigo que evitará que os trens retrocedan cara Redondela, para continuar a súa viaxe cara Portugal".

Santiago apoia a candidatura á UNESCO de Ponte...nas Ondas!

O Pleno ordinario do Concello de Santiago admitiu unha moción conxunta de urxencia para apoiar a candidatura da "Asociación cultural e pedagóxica Ponte... nas ondas!" ao rexistro de boas prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) da UNESCO.

A experiencia de comunicación interrescolar Ponte...nas ondas!, promovida pola Asociación Cultural e Pedagóxica do mesmo nome, foi presentada conxuntamente por Portugal e España, co apoio da Xunta de Galicia, ao rexistro das boas prácticas co patrimonio cultural inmaterial (PCI) da UNESCO. Esta inscrición debe producirse na reunión do 17º Comité intergobernamental de salvagarda do patrimonio inmaterial da UNESCO que se celebrará en Rabat (Marrocos) do 28 de novembro ao 2 de decembro.



A moción, presentada a iniciativa do Goberno Municipal, apoia "o labor desenvolvido pola Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! e apoia a inscrición do modelo Ponte...nas ondas! no Rexistro das boas prácticas co PCI da UNESCO." Sinala ademais, que "do presente acordo darase traslado á Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura".

O filólogo Gonzalo Navaza ingresa na Real Academia Galega

O profesor da Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo, Gonzalo Navaza, ingresará na Real Academia Galega como membro de número o vindeiro 5 de novembro, nunha sesión extraordinaria pública que terá lugar no salón de actos da institución.

O filólogo e escritor pronunciará o discurso titulado Nomes de persoa na toponimia de Lalín, centrado na súa terra natal dende unha rama da filoloxía, a onomástica, na que é un reputado especialista. Navaza ocupará a vacante producida polo pasamento en marzo de 2021 do historiador Xosé Ramón Barreiro Fernández, presidente da RAG durante case unha década.

O novo académico é coñecido polo seu labor literario, que lle levou a gañar distintos premios como o da



Crítica Española de poesía por *Fábrica íntima* (1991) e *Libra* (2000), recoñecido tamén co *Martín Codax*; e como narrador, o *San Clemente* por Erros e Tánatos (1998). É tamén un destacado investigador no eido da onomástica, traduciu clásicos do inglés e do francés ao galego e desenvolveu un importante traballo como coordinador e coautor de dicionarios.

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Defendermos o dereito á pesca sostíbel

Dende o 9 do mes que andamos rexe a prohibición de pesca na Unión Europea (UE) para as artes de fondo (arrastre e artes fixas) entre os 400 e os 800 mts de profundidade en 87 zonas do Atlántico pertencentes ás Repúblicas de Irlanda, Portugal e Francia e ao Estado español. Zonas que supoñen o 17% da plataforma continental atlántica, polo que o impacto na rebaixa substancial das capturas vai ser moi potente.

Esta prohibición deriva dun Regulamento de execución aprobado pola Comisión Europea o 15 de setembro (regulamento que, xa que logo, non permite veto ningún do Estado nin está suxeito a regra de maioría ningunha), previsto nun Regulamento legislativo de 2016 aprobado polo Consello de Ministros e o Parlamento eu-

ropeo. O Regulamento de execución ía ser xa aprobado no 2018 mais demorouse até de agora. O seu principal antecedente é un informe técnico de 2017 (alicerzado en datos do 2011) do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES).

É dicir, a Comisión Europea está a se basear en datos de hai 11 anos para adoptar unha decisión. Mais tamén adoptou unha fórmula de execución moito máis rigorosa ca as propostas polo ICES, que excluían da prohibición ao palangre de fondo, por se tratar dunha arte fixa e selectiva, de moi limitado impacto ambiental. E velaí, precisamente, o cerne da cuestión para a frota galega (uns 210 barcos entre os que faenan no Gran Sole e nos caladoiros galegos, dos que 69 teñen a súa base nos portos de Burela e Celeiro, na Mariña).

Porque o grande impacto económico que imos sufrir concéntrase no uso desta arte de tan limitado impacto ambiental. É dicir, sufrimos un grave dano económico (3.000 empregos directos e uns 18.000 indirectos) e social sen xustificación ecolóxica ningunha ou, polo menos, abonda. Do que non se enterou a decepcionante

para ilustrar do seu limitado impacto ambiental.

Do dito tírase : i) o Regulamento de execución era agardado, mais nunca nos termos que se aprobou para o palangre, ii) a única solución arestora é a xudicial, que o Estado recorra perante o Tribunal de Xustiza da UE reclamando directamente a nulidade parcial do Regulamento e pedindo axiña como medida cautelar a súa suspensión desta normativa, baseándose tanto na propia falla de vixencia dos datos como dos termos favorábeis para o palangre do informe de 2017 do ICES e iii) a moi limitada importancia que o complexo mar industria ten para o Estado- e case nula para a UE- fronte á moi fulcral importancia que ten para a economía galega.



Greenpeace por non ler nin escoitar ás nosas Adega e FEG. Velaí a forza gráfica da eurodeputada Ana Miranda (BNG) amosando na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo un aparello desta arte sostíbel,

ANTOMS



Quando solo quiero trabajar



La oscuridad me transforma

España nunca cumple connosco

Nas democracias liberais teñen unha nomeada transcendencia os debates e aprobacións, no seu caso, das leis fiscais e de orzamentos, porque esta caste de actos parlamentarios representan a decisión da cidadanía a respecto dos tributos que se lle van esixir- como se distribúe o esforzo cidadán a respecto do ingreso público- e de como se vai gastar ese diñeiro que ven da cidadanía.

Porén, hai bastante tempo que na limitada democracia española o debate orzamentario non fixa as prioridades de gasto, tendo en conta as amplas facultades do Goberno do Estado para decidir con ampla marxe de discrecionalidade o destino de determinados fondos públicos. E a cuestión faise aínda máis grave no que atinxe ao efectivo investimento dos fondos estatais destinados a Galicia. En realidade, a historia dos sucesivos orzamentos estatais coñece anos nos que os investimentos reais na Galicia acadaron mesmo menos do 50% dos fondos legalmente orzamentados, como escribiu a xeito Afonso Eyré a primeiros de 2019, cando alcumou de "estafa" esta práctica orzamentaria. A situación dende aquela non mudou. De feito, no exercicio 2021 a liquidación efectiva dos investimentos estatais na Galicia acadou só un 67%, fronte ao 184%!!!! de Madrid.

Cómpre, entón, mirarmos máis á lúa



da liquidación efectiva ca ao dedo do xogo orzamentario que ano a ano nos enlea e entretén, do xeito que se prioriza e atende nas Administracións locais, que aproban cada ano unha conta xeral de liquidación que esixe aos gobernos locais dar conta do efectivo cumprimento dos orzamentos perante o mesmo Pleno que os aprobou. Xa que logo, constitúe unha prioridade de hixiene democrática unha reforma do Dereito Financeiro Público que esixa debater nos Parlamentos estatal e galego a liquidación do exercicio ou exercicios (no caso de prórrogas orzamentarias) pendente/s antes do debate do novo Orzamento.

No 2007 e 2008 o BNG, foi consciente do valor dos seus dous deputados para que R. Zapatero puidese aprobar cadanseus Orzamentos. Mais tamén foi consciente

das grandes diferenzas entre orzamentar investimentos e liquidalos. Velaí que o seu líder nacional daquela, Anxo Quintana, e o voceiro no Congreso, Francisco Rodríguez, esixiran unha comisión de seguimento para garantir a axeitada liquidación dos investimentos estatais en Galicia legalmente orzamentados. En abril de 2009 accederon Núñez Feijóo á Xunta e José Blanco (PSOE) ao Ministerio de Fomento. Dous meses despois, logo dunha xuntanza privada no Hostal dos Reis Católicos, ambos os dous desactivaron esta Comisión de Seguimento substituíndoa pola súa "relación e sintonía persoal".


É certo que España nunca cumple connosco. Mais tamén é verdade que nunca faltan políticos galegos que fan o imposible por agochar esta falla de cumprimento.

Por Roberto Mansilla Blanco

Está España preparada para o cambio que vén?

Miremos un pouco o que pasa no exterior para tentar clarificar o que sucede internamente. Este 25 de outubro asumiu un novo primeiro ministro en Gran Bretaña, Rishi Sunak. Tralo protocolario acto de recoñecemento do novo goberno ante o rei Carlos III, Sunak adiantou que virán "tempos difíciles" por unha "aguda crise económica". Ese mesmo día, a Auditoría Fiscal informou que España entrará en recesión "con dous trimestres consecutivos de caída do crecemento do PIB" previstos para finais de 2022 e comezos de 2023.

Por outra banda, un recente informe da consultora CE Spotlight considera que a guerra ucraína e as tensións entre EE.UU e China "reverterán décadas de globalización" e "reducirá os fluxos de investimentos e de tecnoloxía". China, moi probablemente, entrará nunha recesión que afectará á cadea de subministros global, tal e como semella advertir o recente XX Congreso do PCCh que entronizou a Xi Jinping ás máis elevadas instancias de poder en Beijing.



Seguindo con este informe, o novo realinamento de forzas a nivel global augura tamén que "a xeopolítica terá máis relevancia que o financeiro para as próximas décadas". Unha recente investigación do Real Instituto Elcano e a Asociación Diálogo amosa diferencias estruturais no seo da UE, en particular entre franceses e españois, en temas estratéxicos como o apoio a Ucraína e o europeísmo e as medidas legais sobre a inmigración.

E que fai o establishment político español ante os cambios que están operándose no sistema internacional? Pois pre-

pararse para o 2023-24 electoral. O presidente de goberno Pedro Sánchez anunciou que presentará a súa candidatura para presidir a Internacional Socialista. O foco do PSOE estaría en América Latina e os cambios políticos que alí están xestándose, particularmente Chile e Colombia.

Así mesmo, o principal líder da oposición, Alberto Núñez Feijóo, realizará unha xira por Iberoamérica co mesmo fin: captar votos da emigración ante as próximas citas electorais e pulsar o contexto de cambios

hemisféricos. O seu sucesor na Xunta, Alfonso Rueda, acaba de facer o mesmo por Uruguai e Arxentina. Con anterioridade, Feijóo visitou Bruxelas para "presentarse en sociedade" ante a UE. E non debemos esquecer que VOX, que estaría baixando nas enquisas preelectorais, ten tamén a súa axenda iberoamericana en marcha, a través do proxecto Iberósfera coa súa Fundación Disenso, trazando liñas estratéxicas coa "dereita dura" latinoamericana.

Pero se nos enfocamos na xeopolítica e os cambios tecnolóxicos que definirán os polos de poder global para este século, Es-

paña (e probablemente tamén Europa) está á zaga deses principais centros de poder, que non son outros que EE.UU e China coas súas respectivas esferas de influencia.

No caso español non será por carencia de expertos xeopolíticos (temos o caso de Pedro Baños) pero sí bótase en falta maior investimento público e privado en I+D+i, unha aposta estratéxica de futuro que permitirá á sociedade española afrontar o inevitable cambio tecnolóxico e dixital que afectará as nosas vidas e á propia concepción do poder.

As elites españois só falan dos retos inmediatos, por demáis algo comprensible se damos conta das crises económicas en marcha, das dificultades para o emprego e das distorsións demográficas polo envellecemento da poboación, co seu consecuente peso no gasto público. Pero a perspectiva de solución das nosas elites redúcese aos intereses políticos e electorais en xogo. Pouca aposta por repensar o futuro de cara a este vertixinoso século XXI cos seus incertos e ás veces imperceptibles cambios por vir. Estamos preparados para iso?



Alfonso Rueda mide o pulso da diáspora ante o ciclo electoral 2023-24

Por Roberto Mansilla Blanco
A primeira xira exterior do actual presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, realizada a mediados de outubro, non podía ter outro destino que a Galicia Exterior.

Mentres o ex presidente da Xunta e actual líder do PP Alberto Núñez Feijóo realizaba a súa xira europea cun encontro en Bruxelas coa presidenta da Comisión Europea Úrsula von der Leyen, Rueda enfilaba miras cara Arxentina e Uruguai cun obxectivo clave: medir a situación da diáspora galega, en particular ante a posibilidade dun novo retorno tomando en conta as crises económicas (especialmente no caso arxentino) e os recentes cambios políticos rexionais.

Todo isto sen esquecer outros temas relevantes para a diáspora galega que tamén gravitaron nesta xira de Rueda. Destacan aquí a recente eliminación do "voto rou-

gado" para os españois que viven no exterior, aspecto que cobra importancia ante o ciclo electoral aberto para 2023 (municipais e xerais) 2024 (autonómicas galegas). Igualmente debe destacarse dentro desta xira a tamén recente decisión do Senado de ampliar as vías de adquisición da nacionalidade española, que beneficiará entre 300.000 e 350.000 descendentes de emigrantes dentro da aplicación da Lei de Memoria Democrática. De novo, Arxentina volve a liderar as demandas de nacionalidade española no Rexistro Civil.

Con estas novas en pleno desenvolvemento, Rueda cruzou o Atlántico para 'desembarcar' en Uruguai, país que acolle a 40.000 emigrantes galegos. A súa visita ocorre nun momento complexo tomando en conta o peche en marzo pasado da Casa de Galicia de Montevideo (fundada en 1917), que foi motivada por a débeda

financeira, calculada en US\$ 85 millóns. Esta decisión da Xunta levou a fortes críticas por parte da oposición parlamentaria.

Retorno e "voto rougado"

Nesta primeira parada, Rueda reuniuse co presidente uruguaio Luis Lacalle Pou e cos representantes das once asociacións e centros galegos neste país sudamericano. Aí trazou os plans do seu goberno orientados a propiciar o retorno da diáspora á "terra nai" como ferramenta que permita frear o declive demográfico galego. Expuso así mesmo os plans de axuda económica, formación e emprendimento que impulsa a súa administración e definiu igualmente os canais de cooperación cos empresarios galegos. Ao mesmo tempo, Rueda comprometeuse a conservar o patrimonio da recente pechada Casa de Galicia toda vez reforzou a cooperación co Fogar Español de Montevideo.

A seguinte parada, Arxentina,



a sempre considerada como a "quinta provincia galega", revestía para Rueda dunha importancia capital por verse ese país actualmente sumido nunha aguda crise económica que lembra coa acaecida co "corralito" de 2001-02. Na capital arxentina, Rueda foi investido como "visitante ilustre" por parte da Lexislatura da Cidade Autónoma de Bos Aires. Hai que tomar e conta que, segundo datos de 2015, na Arxentina residen máis de 160.000 emigrantes galegos.

Toda vez afirmaba o seu compromiso por apoiar o retorno da diáspora galega, a xira de Rueda

por Uruguai e Arxentina contemplou unha primeira toma de contacto coa colectividade emigrante. Cobra aquí importancia un contexto electoral 'á volta da esquina', agora condicionado pola recente desaparición do "voto rougado" que abre a porta a unha maior participación electoral da emigración e dos seus descendentes con nacionalidade española. Neste contexto electoral, o servizo de Correos volverá a ter un peso importante, razón pola que Rueda enviou un "guiño" coa presentación oficial en ámbolos dous países dos selos conmemorativos do Xacobeo 21-22.

Entrevista de Moncho Mariño

Vicente Feijoo

Coordinador técnico do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega e da aplicación Galicia Nomeada

“A nosa toponimia especialmente rica, a variedade dos nosos nomes e as motivacións que hai detrás deles”

Vicente Feijoo coordinador técnico do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega e da aplicación “Galicia Nomeada”, percorre o país mostrando como participar da aplicación para ir recollendo

microtopónimos dos diferentes concellos. Detrás de cada topónimo hai unha historia que seguramente reborda o propio nome do lugar achegando datos totalmente descoñecidos mesmo para quen vive nese espazo.

-Como nace “Toponimízate”, cales eran as necesidades detrás desta iniciativa?

Por unha parte temos o proxecto “Galicia Nomeada” que puxemos en marcha xusto antes da pandemia. Con el, de maneira colaborativa, buscábamos recoller a micro-toponimia das leiras, fontes, peneiros, cons e toda esa riqueza que temos en Galicia e podemos dicir que nese aspecto somos únicos, en Europa polo menos. Logo está a campaña “Toponimízate” que é outra maneira de facer visible o proxecto e que a xente se anime a participar nel. Esta campaña deseñámola para que cada ano, e xa levamos cinco, chegamos a dezaseis concellos, catro por cada provincia, tivemos que parar o ano da pandemia. Chegamos a máis de sesenta ou setenta concellos. Tentamos ir aos concellos onde non fixemos o traballo de recolleita durante os anos de actividade do programa “Toponimia de Galicia” entre 2000-2011. Este ano fomos a concellos en que realmente é moi urxente recoller esta información pois dentro de pouco non haberá quen dea esa información, pois todos somos conscientes do despoboamento do rural. Por tanto, temos a urxencia de recoller os nomes deses lugares que a xente maior sabe.

-En que consisten as charlas que se imparten?

Chego aos concellos e dígolles que temos unha riqueza excepcional aquí en Galicia pois moitos nomes só existen na oralidade, non están escritos nun documento. Esta toponimia leva con nós máis de vinte séculos, pois temos toponimia prerromana moi antiga,

e que por causa da transformación dos modos de vida estase perdendo. Como podemos evitalo? Para iso está o proxecto “Galicia Nomeada”, a plataforma colaborativa que podemos usar desde un computador ou desde un móbil ou unha tablet. O meu obxectivo é que este sexa un proxecto interxeracional porque somos conscientes que as persoas maiores coas novas tecnoloxías non se vai manexar ben, mais si os seus netos e fillos, que poden manexar móbiles e aplicacións, así eles poden preguntarlle o nome das leiras aos avós. Un exemplo que poñemos é un aplicado en varios colexios, un neto vai co avó ou avoa e pregunta o nome dos terreos e subir na plataforma unha fotografía aérea e o nome nun momento. O mesmo cun penedo ou lugar e gravar como se pronuncia o nome dese lugar con todos os fenómenos lingüísticos do galego.

-Dentro destes pequenos topónimos, tedes deducido a orixe dalgúns destes nomes?

Esa é outra das características que fan da nosa toponimia especialmente rica, a variedade dos nosos nomes e as motivacións que hai detrás deles. Os nomes están por algo, pois os nosos antepasados usaban palabras transparentes que para nós ao mellor xa non o son. Servían para describir a paisaxe ou multitude de temáticas, como o tipo de terreos, solos ou cultivos, como son os liñares ou os trigás. Logo o tipo de terreo, pedregal ou lameira. Era como unha maneira de describir a paisaxe por iso son tan ricos os topónimos, porque podemos descubrir como era a pai-

saxe hai moitos séculos atrás precisamente polo que significan os topónimos. Logo están os topónimos por animais, Lobeira, Agueira, A Gulpilleira, Tanxugueiras, o nome do grupo, fai referencia ao teixugo (porcoteixo). Logo os microtopónimos máis abundantes son os referidos a plantas como árbores, A Carballreira, O Carballal, A Pereira e todo tipo de plantas O Carrizal, Zaramagoso porque había saramago, Unzal, porque había uces. Tamén hai moito atopónimo, nomes de persoas. Moitas das nosas aldeas, vilas e cidades teñen nomes sacados de persoas. Verín, o fundador era un home chamado Verinus, Vila Verini. Moitas das nosas parroquias e aldeas fundáronse porque montaba unha casa de campo un señor cos seus criados e tiña as súas explotacións. A fórmula para nomear era através do xenitivo. Por exemplo, Marzán, era a vila dun señor chamado Marcianus, moitas eran de orixe xermánica como os acabados en “sende”, “mil” Castromil ou Samil, eran de posuidores de orixe xermánica. Tamén hai nomes relacionados cos seres míticos e as crenzas relixiosas ou crenzas pagás, a Fonte Sagrada, Pena dos Mouros ou a Pena dos Encantos. **-Isto leva á tradición oral, contos e lendas arredor deses lugares.**

Si, porque este proxecto non só quere recoller os topónimos, senón toda a tradición oral que hai arredor deles, pois é algo que se está perdendo porque xa non se vai transmitindo de xeración en xeración.

-Por outra parte tamén está a pronunciación dos topónimos



que co tempo ao mellor se transformaron na tradición oral.

No Seminario de Onomástica e na Comisión de Toponimia da Xunta, da que formo parte, moitas veces temos un problema no momento de oficializar os topónimos. Co paso do tempo, co uso, foron cambiando a pronunciación. Entón, cando oficializamos un topónimo coa raíz orixinal, porque encontramos documentación da Idade Media ou máis antiga, ou porque sabemos cal é a forma etimolóxica, moitas veces vemos que non coincide coa forma usada pola xente hoxe en día. Isto ás veces trae como un enfado ou rexeitamento da xente porque lles modificamos o topónimo. Por iso, moitas veces temos que explicar, por exemplo, As Gulpilleiras, o topónimo etimolóxico é “golpelleiras”. O golpe era o raposo, este nome úsase aínda en parte de Lugo e por exemplo, en Ourense non saben deste nome para o raposo. Mais cando recolleemos toda a microtoponimia seguimos vendo que por toda Galicia hai lugares chamados “gulpilleiras”. Isto significa que cando naceu ese topónimo, “golpe” era un nome que se usaba en toda Galicia. Entón, cando normalizamos o topónimo como “Golpelleiras” hai xente que non está de acordo e envía queixas

sobre determinados topónimos. A toponimia é moi bonita mais tamén é algo moi delicado.

-Cales son os resultados que está ofrecendo o proxecto “Galicia Nomeada” e a campaña “Toponimízate”?

É un proxecto cun grande éxito, con case 3.000 persoas dadas de alta na plataforma. Tamén se recuperaron topónimos, non tanto no interior, mais na costa temos áreas traballadas que demostran que a toponimia do mar é máis complexa. No mar os mariñeiros tiñan as súas pedras onde pescaban e cada familia tiña o seu nome para as pedras ou para as leiras do mar, onde se mariscaba. Estes nomes só os coñecen moi poucas persoas. Así, no Visor temos ao dispor da xente medio millón de microtopónimos e en Galicia Nomeada temos 50.000 topónimos recollidos. Os demais veñen da época en que estivo activa Toponimia de Galicia (TPG). Por outra parte, o proxecto ten que ser interxeracional para recoller os topónimos e para iso organizamos as charlas, a xente acode cando se anuncia ben polos concellos e, á parte de presentarlles a plataforma, tamén lles falo das orixes dos nomes de parroquias, aldeas, lugares e iso é algo que lle gusta moito ás persoas que asisten ás charlas.

Cimeira Ibérica em Viana do Castelo “dá” 11 “entendimentos” entre Portugal e Espanha

Os governos de Portugal e Espanha reuniram-se, no dia 4 do corrente mês de novembro, na 33.ª cimeira ibérica, em Viana do Castelo, que teve como tema a inovação. Além dos dois líderes de Governo, António Costa e Pedro Sánchez, estiveram 18 ministros dos dois executivos, a que se juntaram os embaixadores de Portugal em Espanha e de Espanha em Portugal.

Sánchez e Costa foram recebidos com o hino nacional na Praça da República, em Viana do Castelo, a que se seguiu um breve passeio pela cidade, indo provar as famosas bolas de Berlim, visitar o Museu do Traje e descerrando, na Praça do Eixo Atlântico, uma placa comemorativa da Cimeira Ibérica.

Depois, seguiram para a Pousada do Monte de Santa Luzia, onde assinaram 11 memorandos de entendimento no âmbito da ciência e da estratégia de desenvolvimento comum das zonas transfronteiriças, que os dois países acordaram em 2020. Esta abrange uma área correspondente a 62% do território nacional, beneficiando diretamente mais de 1,6 milhões de portugueses. Do lado espanhol, inclui 3,3 milhões de habitantes das províncias de Badajoz, Cáceres, Huelva, Ourense, Pontevedra, Salamanca e Zamora, correspondentes a 17% da superfície de Espanha.

Cartão e 112 transfronteiriço

Entre eles, está a criação do cartão do cidadão transfronteiriço. Abrange apenas os cidadãos residentes nos distritos ou províncias de fronteira que trabalham no país vizinho. Dá acesso a equipamentos sociais, de saúde, de educação e de emprego.

Já o 112 transfronteiriço, numa primeira fase fica, porém, circunscrito ao norte de Portugal e ao sul da Galiza. Permite o acesso aos serviços de emergência médica



mútua. Deverá estar a funcionar em toda a fronteira entre Portugal e Espanha ainda em 2023, segundo adiantou a ministra portuguesa da Coesão Territorial,

ainda em Braga, durante a ‘primeira etapa’ da 33.ª cimeira ibérica – inicialmente esteve prevista para se desenrolar inteiramente nesta cidade – que compreendeu

a visita ao centro de nanotecnologia.

Ana Abrunhosa disse que o objetivo é garantir “assistência médica rápida e adequada em situações de urgência e de emergência, pelos meios que estão mais próximos, independentemente de serem portugueses e espanhóis”.

Ainda em Braga, a Universidade do Minho e o Instituto Politécnico de Viana do Castelo assinaram um acordo de consórcio, conjuntamente com mais oito instituições portuguesas e espanholas de ensino superior, para a criação de um laboratório de excelência na área da segurança alimentar.

Nesta Cimeira Ibérica, foi também assinado um memorando de entendimento para aumentar a cooperação na resposta à violência de género nas regiões transfronteiriças. O desiderato é garantir que os protocolos de atuação dos dois países são semelhantes.

Estratégia Comum

António Costa e o chefe do governo espanhol, Pedro Sánchez, destacaram os acordos que os dois países ibéricos conseguiram em conjunto no seio da União

Europeia relacionados com a energia, nomeadamente, a “solução ibérica” que colocou tetos aos preços do gás usado para produzir eletricidade, e o entendimento com França para as ligações energéticas (o designado Corredor de Energia Verde).

Portugal, França e Espanha têm de apresentar a Bruxelas o projeto sobre as interligações energéticas. Segundo António Costa, os governos dos três países estão a trabalhar para que, “depois do encontro em Alicante, no dia 9 de dezembro, possa ser apresentado um projeto comum na União Europeia na data limite, que é 15 de dezembro”.

Ligações ferroviárias e gestão dos rios

Será preciso esperar até ao início de 2024 para que volte a haver um comboio direto entre Lisboa e Madrid, quando estiver concluída a construção do troço Évora-Elvas, que permitirá comboios de alta velocidade, a 250 km/h.

Até lá, o primeiro-ministro português alega que os dois países estão a “trabalhar em soluções de futuro”, como a nova linha de alta velocidade Lisboa-Porto-Vigo. Todavia, ainda não há, nomeadamente, datas concretas para esta ligação entre o Porto e Vigo, com paragens em Braga e Valença.

Portugal e Espanha acordaram, ainda, a criação de um grupo de trabalho sobre água e energia, comprometendo-se em “fortalecer os mecanismos bilaterais de acompanhamento dos caudais”, passando as reuniões a serem mensais em vez de trimestrais.

No âmbito da ciência, além dos acordos assinados, os dois países decidiram avançar com uma cimeira anual dedicada à investigação científica.

Por Manuel S.

Fotos de Joca Fotógrafos/O Minho

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Descubriendo a loba branca. Entrevista a Brais González

Brais González (Vigo, 1987). Intérprete destacado de piano e compositor atento a numerosos xéneros, desde o clásico ata o jazz, o folk, a música electrónica ou improvisada, Brais González é unha das presenzas necesarias nos festivais europeos. Alén dos premios recibidos e da obra publicada, a súa curiosidade lévao a integrar diferentes formacións

e proxectos, entre elas Trío Bórea ou Caspervek, e a dialogar con outras disciplinas artísticas como o cine, o teatro ou a poesía. En agosto deste ano estreou no Festival delle Nazioni de Città di Castello, que nesta edición acollía as músicas do estado español, a súa primeira ópera, Loba branca (Lupa bianca), baseada nunha lenda galega da serra do Courel.

Por Inma Otero Varela | Revista Insula Europea

De todos os lugares nos que estás acostumado a actuar, por que Italia para estrear a túa primeira ópera? Que supuxo para ti?

Recibir un encargo dunha ópera (da miña primeira ópera) precisamente do país onde xurdiu un xénero e que continúa a ser un referente é pouco menos que un sonho feito realidade. As oportunidades de estrear unha ópera hoxe en día son moi poucas. Coido que é un sonho que todos os compositores temos sempre en mente, sendo conscientes de que é moi difícil levalo a cabo. Tómore este belo encargo do Festival delle Nazioni como un auténtico regalo.

A ópera baséase nunha lenda galega, unhas da moitas que están protagonizadas por lobos e lobas. Estas últimas, como é o caso, en bastantes ocasións exercen un papel principal como xefas da manda, mesmo como raíñas. Explicaches nalgún medio que a escolla debíase en parte a algunhas cuestións técnicas que tiñan

que ver cos requisitos que debía cumprir a obra para participar no festival. Cales foron os motivos da túa elección?

Efectivamente, as propias limitacións de elenco proposto polo festival para levar a cabo a produción foron as que me impulsaron a elixir a lenda da Loba Branca. Souben desde un primeiro momento que a obra ía contar con dúas solistas femininas e máis un coro, e que debía de estar baseada sobre algún tema, conto ou lenda tradicional do meu país. É realmente difícil atopar lendas populares na que unha das dúas personaxes protagonistas non sexa un home. A lenda da Loba Branca ofrecíame unha historia pouco explotada, con dúas personaxes femininas (a loba e máis a meiga) e a posibilidade de integrar o coro como a manda de lobos e os aldeáns da vila.

Ademais disto, o Courel foi desde hai anos unha terra moi especial. Teño unha tía vivindo e traballando en Folgoso do Courel. Nas visitas que puiden facer estes anos á Serra descubrín unha terra absolutamente máxica e un lugar que conserva a autenticidade que,

por desgraza, case todos os lugares da nosa terra foron perdendo en pos do turismo e a globalización. Por outra banda, a problemática do lobo leva moitos anos de actualidade en Galicia e no resto do norte de España (e polo que souben, tamén nalgúns rexións de Italia). A lenda da loba branca pareceume un bo xeito de reflexionar sobre os conflitos entre o home e o seu entorno no medio rural.

En terceiro lugar, os animais son unha das miñas grandes paixóns. Non podería imaxinar un tema mellor que o dos lobos da Serra do Courel.

A lenda orixinal presenta un texto relativamente breve. Como foi o procedemento de adaptación ao formato da ópera e á súa extensión? Que achegaches de persoal ao texto?

Como ben dis, o texto orixinal da lenda é bastante breve. Tiven que facer un traballo moi grande de adaptación narrativa para convertelo nunha obra de grande formato como é Loba Branca (arredor de 90 minutos). Teño que salientar que eu non son escritor. En toda a miña vida non pasara

de escribir un par de relatos breves e un par de ducias de poemas. Polo tanto, o maior reto desta ópera para min foi ter que converterme por uns meses nun dramaturgo para redactar un libreto sólido que lle dera unha armazón narrativa á ópera. Era o que máis me preocupaba de todo. Sei que moitas óperas non se preocupan en exceso da parte narrativa, sempre en pos dos artificios vocais e da parte musical. Eu tiña moito interese en que a ópera estivese construída dende as bases dunha narrativa ben estruturada, con tempo dabondo para que as personaxes principais tiveran un arco dramático convincente.

Na tradición galega estivo activa ata hai moi pouco, como repertorio que se transmitía aínda oralmente e non só como repertorio conservado, unha serie abundosa de narracións e lendas populares, como esta da loba branca, que convivían con cantigas, refráns, cancións de berce ou de labor, proverbios e trabalinguas. De feito, ao longo da túa carreira botaches man de tradicións e mitoloxía pro-

pias de Galicia ao carón doutras moitas influencias artísticas, non só musicais, vidas de lugares moi diferentes. Como é a convivencia con tanta diversidade?

As lendas, a mitoloxía e a fe están sempre presentes na miña obra. Encántame utilizar todas estas influencias, que para min van ó fondo propio da esencia humana e que nos conectan con algo moi atávico de nós mesmos. Sei que as influencias poden ser moi diversas. Pode que as diferenzas a primeira vista entre unha lenda do Courel e unha historia da mitoloxía báltica sexan evidentes. Pero sempre vivín máis preocupado do fondo que da forma das cousas. E ó final o bo de todas estas historias e tradicións é que, non importa de que lugar do mundo sexan, conectan arquetipos que están presentes en todas as culturas.

Podes ler a entrevista completa na nosa web: <https://www.novasdoeixoatlantico.com/descubriendo-a-loba-branca-entrevista-a-brais-gonzalez-por-inma-otero-varela-revista-insula-europea/>



MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Avda. de Galicia, 4 - 1º. Tlf: 675 088 316
info@academiatiempos.es

PONTEAREAS

A Brétema do Miño segunda casa niño en Portomarin

A Brétema do Miño é a segunda casa niño que se pon en marcha no municipio de Portomarin e unha das seis financiadas pola Consellería de Política Social e Xuventude ao abeiro da última convocatoria de axudas. Está situada no futuro centro interxeracional da localidade, onde tamén funciona unha casa do maior.

Desde o ano 2016 creáronse 23 casas niño na provincia de Lugo, ofrecendo máis dun centenar de

prazas para nenos e nenas de entre 3 meses e os 3 anos. "En concreto, actualmente poñemos 115 prazas a disposición das familias que residen en núcleos rurais -indicou o delegada da Xunta na inauguración-, e seguiremos apostando por estes recursos de conciliación para fomentar a cohesión e a igualdade de oportunidades entre o rural e a cidade".

Está previsto que próximamente poida iniciar a súa actividade outra

casa niño en Folgoso do Courel, que sería tamén a segunda no municipio. En total, 17 concellos de Lugo contan xa con este servizo.

As casas niño son un modelo de atención á infancia adaptado ás características dos concellos rurais de Galicia. Teñen un máximo de cinco prazas e funcionan de luns a venres durante todo o ano, agás os días festivos e un mes de cada doce no que permanece pechada por vacacións.



Na provincia suma xa 23 centros e 115 prazas para menores de 0 a 3 anos no ámbito rural.

Cursos de protección civil en Chantada e Monforte

A Xunta de Galicia ofreceu dous cursos para formar a 40 integrantes de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil (AVPC) que se desenvolveron en Chantada e Monforte de Lemos. Estas iniciativas forman parte da programación da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) para o segundo semestre do ano e contan con 20 prazas cada unha.

A actividade de Chantada desenvolveuse na aula CEMIT. Proporcionou ao persoal voluntario formación sobre prevención e loita contra os incendios nos ámbitos urbano e forestal; así como nocións de primeiros auxilios.

No caso de Monforte de Lemos, a base de helicópteros do Marroxo acolleu un curso básico



Base da Xunta no Marroxo, de Monforte.

de manexo de motoserras. A finalidade foi preparar aos membros das agrupacións para participar con seguridade en intervencións de retirada de emerxencia de árbores caídas ou pólas desprendidas.

A Agasp convoca estas accións no marco dun plan de formación

continua que inclúe entre os destinatarios ao persoal voluntario de Protección Civil. A programación deste semestre na provincia de Lugo inclúe sete cursos con 152 prazas que abranguen diferentes áreas relacionadas co desenvolvemento das funcións propias destas agrupacións.

Estudantes dos Escolapios visitaron o Concello de Monforte

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, recibiu na Casa do Concello a alumnos e alumnas do 2º curso de Primaria (7-8 anos) do Colexio dos Pais Escolapios. Acompañados por dous profesores, os 40 alumnos e alumnas foron recibidos no salón de sesións onde lles explicou o funcionamento do Concello, e sobre todo o relacionado con como é o desenvolvemento dos Plenos da Corporación municipal en dito salón.

Os estudantes preguntáronlle ao alcalde como desenvolve o seu día a día á fronte do Concello, sobre cantas persoas traballan no mesmo ou sobre os proxectos nos que está traballando o equipo de goberno. Os nenos e nenas manifestaron o seu gusto polo novo



Os estudantes co rexedor municipal.

Parque do barrio do Hospital. O alcalde, tamén lles explicou a condición de cidade condal que posúe Monforte, e outros fitos históricos como a chegada do tren a Galicia pola urbe monfortina. Os alumnos do colexio monfortino coñeceron as distintas dependencias da Casa Consistorial.

Orixe

PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN

Diseño · Imprenta
Rotulación · Eventos

Francisco de Moure 20 • Ourense
988 60 70 75

www.orixepublicidade.es

**MERCERÍA
CRUZ**

Rúa Dr. Marañón 1

Ourense

988 049 333

625 484 781

jba
servicios
inmobiliarios

info@jbainmobiliaria.com

988 10 20 75

www.jbainmobiliaria.com

**ORO
Y PLATA**

+25 años a su servicio

Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense
enfrente confitería

988 232 903

Redacción LUGO

Monforte mellora cinco rúas cun investimento de 180.000 euros

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, deu a coñecer as obras de mellora en vías urbanas titularidade municipal, que se levarán a cabo de xeito inmediato, e que suporán a renovación do seu firme en todos os casos. As actuacións abarcan ás rúas Echegaray, doutor López Suárez, poeta Manuel María, Saviñao e Pascual Veiga.

Tomé destaca que “continuamos co desenvolvemento dun ambicioso programa de mellora de infraestruturas viarias da nosa cidade e das nosas parroquias, porque este é un compromiso que eu como alcalde teño adquirido cos monfortinos e coas monfortinas dende o principio do meu mandato, e non esquecemos a ningunha parroquia, nin a ningún barrio de Monforte”.



Tomé explicou o alcance das obras.

Do mesmo xeito, o rexedor monfortino resaltou que “o traballo para mellorar o Concello non para en ningún momento en todos os seus aspectos, xa sexa no rural, no saneamento, no abastecemento, nos parques

nas rúas ou no Polígono”.

“Coas obras de mellora que levamos posto en marcha dende o Concello, poden afirmar que practicamente todas as rúas da cidade foron melloradas,” subliñou José Tomé.

Exposición “Cociña Histórica Sefardí”, en Monforte

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, inaugurou, na Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro, a exposición que o Concello, xunto á Red de Juderías de España, Caminos de Sefarad, organizou baixo o título “Cociña Histórica Sefardí”. “Con esta exposición de fotografías e paneis”, destacou Tomé, “propoñemos unha viaxe no tempo para coñecer a historia da gastronomía xudío-española e para elo tomamos coma referencia o libro Sabores de Sefarad escrito por Javier Zafra”. “Cociña Histórica Sefardí”, consta de 27 láminas informativas de 115x62 cm. e vai acompañada dunha aplicación web que traduce os textos de cada lámina, que poden lerse ou escoitarse en audio.

Falar de cociña medieval, xa sexa hebrea, cristiá ou musulmá, leva implícito falar de mulleres. Elas mantiveron viva a chama do fogar e a custodia dos receitas arcaicos, legados das súas nonas e das súas nais, incluso das súas sogras.

A cociña sefardí é diaspórica



A exposición estivo aberta na Casa da Cultura de Monforte.

e foi asimilando a maneira de guisar e os alimentos das civilizacións peninsulares coas que conviviu: dende os fenicios, unha cociña mariñeira, a «Tétrade Íbera», a «Tríada Mediterránea» da tradición grecorromana e a “Revolución Verde Andalusí”, onde a cociña evolucionou ata converterse en gastronomía.

Tras a expulsión en 1492, a influencia viría da cociña arabizada do Imperio Otomán e doutras comunidades xudías do Mediterráneo.

A Red de Juderías de España,

no seu labor de investigación, recuperación, divulgación e promoción da cultura sefardí, desenvolveu esta mostra dedicada á gastronomía histórica sefardí, entre cuxos obxectivos está non só o dispoñer dunha fonte contrastada e documentada sobre todos os aspectos da cociña: os ingredientes, receitas, usos e normas e características desta cociña, senón especialmente en como difundila para que coñezamos as conexións e volva a entrar nas nosas cociñas, recoñecendo as peculiaridades desta cociña e desta cultura.

Plan integral para o regadío do Val de Lemos

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) xunto coa Universidade de Santiago de Compostela, avanza no plan integral de aproveitamento agronómico do regadío no Val de Lemos. O personal técnico do organismo de bacía e Investigadores do Campus Terra están a revisar as infraestruturas de rega e a completar e actualizar a cartografía.

A primeira das fases de actuación contempladas no acordo entre USC e CHMS botaron a andar a comezos do verán coa planificación dos traballos a cargo dos investigadores do grupo PROePLA, que coordina o catedrático do Departamento de Produción Vegetal e Proxectos de Enxeñaría

Manuel Marey, e de persoal da Confederación Hidrográfica Miño Sil.

Estas reunións preparatorias serviron para definir os criterios dun plan que pretende corrixir, actualizar e ampliar a cartografía da que dispón a CHMS, ademais de incorporar cada treito de 200 metros de canles e ou gabias, datos de sete variables: estado dos caixeiros, circulación de auga, nivel de deterioro das infraestruturas, vexetación arbustiva, vexetación herbácea, transportes e tipo de estrutura. A nova documentación actualizada incorporará tamén fotografías de cada treito, así como información referida á data e hora das medidas e observacións realizadas.

Obras para arranxar a Ponte de Piñeira



Desvíase o río Cabe a través dos vanos da marxe esquerda.

Os traballos previstos para levar a cabo a reposición do pilar número nº2 da Ponte de Piñeira seguen a bo ritmo logo de que esta estrutura fora pechada ó tráfico e ós peatóns a finais do pasado mes de xuño. Daquela detectárase unha deficiencia en dito pilar. “Tras seren executados os correspondentes traballos de enxeñaría necesarios para determinar a situación do pilar da ponte e para darlle unha solución á deficiencia detectada, levouse a cabo a colocación de micropilotes nunha profundidade de 9 metros, con cimentación para estabilizar o terreo, e nestes mo-

mentos estase a proceder á construción do novo pilar, logo da retirada do anterior, coa mesma forma dos pilares existentes”, subliñou o alcalde José Tomé.

Debido a que as obras foran contratadas por emerxencia, o custo das actuacións estímase segundo os técnicos, en 200.000 euros máis IVE.

Unha vez estean rematadas as obras de arranxo da ponte de Piñeira”, segundo o alcalde, procederemos ó restablecemento do tráfico de vehículos e de persoas, previsiblemente en novembro, unha vez que estea endurecido o novo pilar”.

Congreso internacional sobre a figura do VII Conde de Lemos en Monforte

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, clausurou o Congreso Internacional: VII Conde de Lemos no IV Centenario da súa morte (1622-2022) que acolleu a Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro de Monforte e que serviu para poñer en valor a figura de D. Pedro Fernández de Castro e Andrade.

Este importante encontro internacional abordou, a través de investigadores e especialistas no VII Conde de Lemos diversos aspectos relativos ó legado deixado por este nobre en Galicia e Monforte, así como a súa importancia dentro da historia de España e de Italia, en concreto en Nápoles.

Na clausura das xornadas, o

rexedor monfortino estivo acompañado pola catedrática en Historia, especialista no VI Conde de Lemos e presidenta do comité organizador deste congreso, a monfortina Manuela Sáez González, e Marta Rodríguez de la Fuente, por parte da UNED que foi a universidade organizadora do congreso.

O alcalde agradeceu a poñentes e participantes a súa asistencia e participación neste Congreso, “o cal espero que cumpra todas as súas expectativas e que servisen para ampliar os seus coñecementos sobre D. Pedro Fernández de Castro e Andrade, VII Conde de Lemos”.

“Logo de tres días de posta en común de investigacións e traballos, así como de debates, arre-

dor do VII Conde de Lemos, agardo que se acadara o obxectivo que nos propuxemos cando botamos a andar este Congreso, que foi o de poñer en valor unha das figuras máis sobresaíntes da Idade Moderna na historia de España y tamén de Italia, como así confirmaron estes días algúns dos investigadores protagonistas deste congreso” subliñou o alcalde.

José Tomé tivo unhas verbas de agradecemento cara á “auténtica artífice deste Congreso arredor do VII Conde de Lemos, D^a Manuela Sáez González, monfortina, amiga e profunda coñecedora da figura de D. Pedro. Gracias por traer este congreso a Monforte, gracias pola túa implicación coa cultura e coa historia da nosa ci-



O congreso durou tres días na Casa da Cultura.

dade. E sabemos que estás a piques de publicar unha extensa biografía sobre o VII Conde de Lemos. Estarémosla agardando con sumo interese e estamos seguros que sen dúbida contribuirá a facer máis grande aínda a figura de D. Pedro, algo que este Congreso creo que tamén ven de acadar”.

O rexedor monfortino pechou a súa intervención animando ós participantes a volver a Monforte

en outras ocasións, para descubrir “o encanto da cidade e da Ribeira Sacra, unha visita que non defrauda a ninguén.”

O Congreso Internacional sobre o VII Conde de Lemos, reuniu estes días a especialistas de Galicia, do resto de España así como de Italia que departiron sobre aspectos moi diversos arredor de D. Pedro Fernández de Castro e Andrade.

O barrio monfortino do Hospital xa ten parque público

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, acompañado por diversos membros do equipo de Goberno, destacou que “hoje cumpro o meu compromiso coa Asociación de Veciños do Barrio do Hospital, de construír aquí un novo parque público, nun barrio relativamente novo onde a maioría dos habitantes son xente nova e con nenos pequenos. Dende hoxe, tanto os veciños do barrio coma todos os monfortinos e monfortinas poderán desfrutar das súas instalacións”.

Este novo parque público da cidade ubícase na parcela que linda coa finca do Hospital Comarcal, coa rúa Corredoira, coa rúa Codesás e coa Ronda María Emilia Casas Baamonde, nunha extensión de algo máis de 8.500 metros cadrados.

Conta con varias zonas de céspede dotadas de mobiliario urbano, cunha zona de xogos infantís, paseos peonís lonxitudinais e transversais, así como alumeados e saneamento propios. Tamén conta cunha zona de elementos biosaudables de ximnasia para maiores, “coa que buscamos incentivar a práctica da actividade física entre os residentes desta zona da cidade”, sinala o alcalde.

O novo parque, subliñou José Tomé, tamén contribúe a paliar o déficit de estacionamento na zona do Hospital, pois dende o Concello dotámolo con 64 prazas de aparcamento para automóbiles, motos, bicicletas e prazas para minusválidos, polo que vai beneficiar tanto



O parque terá tamén prazas de aparcadoiro.

ós veciños que van a consulta no Hospital Comarcal como os que van de visita, ademais dos usuarios do propio parque.

O Concello destinou para a construción desta nova infraestrutura de ocio e lecer unha inversión duns 600.000 euros, dos cales 150.000 euros son aportados pola Deputación de Lugo, sendo o resto do orzamento total aportado polo Concello.

“Para min como alcalde, e para o equipo de Goberno que presido, é unha satisfacción inaugurar un novo parque público nesta parte da cidade deste novo servizo público, porque para nós a atención ás persoas é un pilar fundamental da nosa acción de goberno, e creemos que con esta nova infraestrutura urbana contribuímos a mellorar os servizos e a calidade de vida de todos os

monfortinos”.

O Concello levou a cabo melloras moi significativas nos parques e áreas de xogo da cidade, como as acometidas no parque López Suárez, no parque da rúa Santiago; dotou de novas áreas biosaudables ás parroquias de Distriz, Gullade e Moreda; construíu o novo parque infantil da Compañía, así como unha nova pista de Skate nesta mesma zona; mellorou o acondicionamento e iluminación do parque de Cobas; e construíu o novo parque infantil do barrio de Val de Lemos.

O compromiso, concluíu o alcalde, que mantemos cos veciños segue a ser firme, e continuamos apostando por dotar de novos servizos e infraestruturas, a aquelas zonas do municipio onde sexa necesario, para que Monforte siga avanzando, porque Monforte, afortunadamente, vai ben”.

Xornadas en formación e sensibilización para familias monfortinas

O Concello de Monforte pon en marcha as “Xornadas en formación e sensibilización en corresponsabilidade e coidados familia e crianza: superando estereotipos” dirixida ás familias monfortinas con fillos ou fillas entre 0 e 6 anos.

Así mesmo, nestas xornadas traballarase para remover os estereotipos dentro das parellas e conseguir unha repartición equilibrada das tarefas domésticas e mellorar así a conciliación da vida familiar, laboral e persoal, libre de condicionamentos de xénero, xa que son as mulleres as que, de forma maioritaria, asumen no noso país a carga de coidados familiares e domésticos.

Desenvolveranse dúas sesións grupais de formación, unha cos pais (homes) e a seguinte cos dous proxenitores. Estas sesións irán dirixidas ás familias con fillos ou fillas entre 0 e 6 anos. Realizaranse en cada un dos centros de ensino de educación primaria, así como na Escola Infantil Municipal, comezando no centro educativo PP e Escolapios.

Cada sesión formativa consistirá nunha exposición dos contidos invitando as persoas participantes a dar as súas opinións e experiencias persoais para exemplificar as distintas situacións. Haberá unha enquisa previa en formato dixital para compartir coas familias antes das sesións formativas.

O encoro de Bárcena mantívose dentro da normalidade pola adopción de medidas

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil reuniu á Comisión de Desembalse para facer balance do ano hidrolóxico 2021-2022, o segundo ano máis seco da serie histórica, por detrás do ano 2016/17. A Comisión de Desembalse é o órgano colexiado ao que lle corresponde deliberar e formular propostas sobre o réxime adecuado de enchido e baleirado dos encoros e acuíferos, atendendo os dereitos concesionais dos distintos usuarios.

As achegas no total do período para a conca do Sil Superior rozaron os 314 Hm3, fronte a un valor medio de 718,7 Hm3, o que supón un descenso de algo máis do 56% con respecto aos valores normais no encoro de Bárcena.

Todos os meses do ano hidro-

lórico estiveron por baixo da media, coa única excepción de decembro de 2021 que, cunhas achegas de 101,9 Hm3, situouse un 12,6% por encima da media. Destacou particularmente o comportamento dos meses de novembro (cun 72,5% menos de achegas), marzo (-66,9%), agosto (-75,8%), e sobre todo xullo, cun 87,9% menos de achegas con respecto aos valores normais.

A pesar da escasa achega, a adopción de medidas temperás permitiu que o comportamento do encoro mantívese relativamente dentro da normalidade. Así, desde o 8 de xaneiro os desembalses limitáronse ao caudal ecolóxico, o que permitiu que a curva de encoro fose ascendendo.

Con respecto aos regadíos, realizáronse uns consumos moi moderados durante a primeira

parte da campaña de rega, grazas á colaboración dos regadores, que incluíron cortes nocturnos na Canle Baixa entre o 13 de maio e o 13 de xullo, a fin de facer o posible para garantir as demandas nos meses de agosto e setembro.

Os aforros logrados permitiron proporcionar os caudais habituais durante o resto de campaña, podendo así facer fronte aos picos de demanda que se concentraron na segunda quincena de xullo e todo o mes de agosto.

Encoro de Vilasouto

En Vilasouto (O Incio) a situación de seca foi máis grave, cunhas achegas totais de 11,95 Hm3. "Atopámonos ante o 5º peor ano de toda a serie desde 1971, só superado polos rexistros de 1988-1989 (7,86 Hm3), 1991-1992 (10,74 Hm3), 2001-2002



Encoro de Vilasouto, no Concello do Incio, o 15 de maio de 2009.

(10,64 Hm3) e 2016-2017 (10,47 Hm3). Con estes datos, neste ano, soamente no mes de xullo chegou ao 45,6% de enchido" explicou o director técnico, Manuel I. Rodríguez Acebes. O encoro de Vilasouto abastece de agua a Monforte de Lemos.

No regadío de Lemos a escaseza de reservas facía imposible satisfacer todas as demandas de rega, polo que se proporcionaron 3,73 Hm3 en toda a campaña, un 31,4% do que adoita ser habitual

e, en colaboración cos regadores, deuse prioridade aos produtores profesionais.

"Neste caso tamén se realizou unha coidadosa planificación en colaboración cos regadores, que se traduciu nun único período de rega, entre o 19 de xullo e o 15 de agosto, coincidindo coas maiores necesidades dos produtores profesionais, aos que se lles deu toda a prioridade para satisfacer no posible as súas necesidades", concluíu o director.

A Xunta modernizará o equipamento do Hospital da Mariña

Os orzamentos autonómicos para 2023 reservan máis de 2 millóns de euros para modernizar o equipamento tecnolóxico no Hospital Público da Mariña. No transcurso dunha visita ao centro, Javier Arias, delegado da Xunta, subliñou que "o incremento récord previsto para gasto social en Galicia, con 4.967 millóns destinados á sanidade pública, dá unha idea da prioridade que supón este ámbito para a Xunta".

No caso concreto deste hospital comarcal, as partidas xa territorializadas consignan fondos para incorporar unha nova resonancia magnética fixa -810.742 euros- e un equipo de tomografía computerizada (TAC) -408.035 euros -, ambos xa adxudicados. Ademais, asígnanse 890.308 para executar os traballos de adaptación do espazo que acollerá a resonancia. Arias avanzou que ao proceso de licitación das obras concorreron tres empresas e está previsto adxudicar a ac-



Tres empresas presentaron ofertas para instalar a resonancia.

tuación en breve, co obxectivo poñer en marcha os novos servizos o antes posible.

"O Goberno galego continúa así coa súa aposta por achegar máis e mellores dotacións a este complexo hospitalario", subliñou Arias, quen lembrou que a Xunta leva investidos 15 millóns de euros para a súa reforma, ampliación e equipamento. En canto ao ámbito da Atención Primaria,

o delegado resaltou que os orzamentos de 2023 reservan 500.000 euros para licitar os proxectos de novos centros de saúde contemplados no plan de mellora de infraestruturas deste nivel asistencial, como é o caso do ambulatorio de Ribadeo, que xa asinou un protocolo coa Xunta para iniciar a adquisición da parcela na que se construíra o futuro edificio.

A Xunta acomete a limpeza da Muralla



Os traballos finalizarán na primeira quincena de novembro.

A Xunta de Galicia está a realizar labores de limpeza da Muralla de Lugo no marco do contrato de mantemento bianual, ao que destina 615.900 euros. Os traballos deron comezo a principios de setembro, unha vez que os informes de control de fauna constataron a marcha dos cirrios do monumento. A planificación da limpeza da Muralla ao longo do ano respecta os períodos de nidificación e cría desta colonia de paxaros que forma parte da diversidade e a riqueza ambiental de Lugo.

As tarefas consisten no corte e retirada da vexetación con métodos manuais. Nas primeiras semanas limpouse o adarve, que xa está rematado, e avanzouse especialmente nos paramentos exteriores, se ben tamén están iniciados os traballos polo interior. En global, están executadas nun 50% aproximadamente. O contrato de mantemento inclúe outras actuacións cotiás no monumento, como reparacións de solados, varandas, revocaduras e albardillas, ou na instalación eléctrica e a iluminación, entre outros elementos.

Redacción OURENSE

Campaña arqueolóxica no Castro de Cameixa de Boborás

A campaña arqueolóxica acometida no Castro de Cameixa nos últimos meses fixo posible identificar novas estruturas murarias que se datan na última fase de ocupación (s. I a.C.- I d.C.) e que poderían indicar a presenza dun espazo de tránsito entre a parte máis alta do xacemento e esta. Confirmouse a continuación do muro localizado durante as campañas anteriores e sobre o que se artellan varios espazos destinados ao traballo metalúrxico tras a localización de dous fogares con estrutura circular anexa para refriado.

En canto a materiais, atopáronse abundantes fragmentos cerámicos así como dúas doas de colar de pasta vítrea, unha fíbula de longo traveseiro, unha pulseira e varios ferros. Os traballos, nos que o departamento de Cultura do Goberno galego investiu máis de 16.000€, comezaron pola limpeza e roza, baixo control arqueolóxico, da vexetación da zona de actuación e a súa contorna máis inmediata. Así mesmo, escavouse unha área duns 100 m² co fin de exhumar parte dos restos



Visita do conselleiro de Cultura ao castro.

arqueolóxicos descubertos en campañas anteriores, sobre as que posteriormente se realizaron labores de diagnose e consolidación. A actuación completouse coa documentación fotográfica e planimétrica da área de actuación e das diferentes fases.

O Castro de Cameixa ten a consideración de ben catalogado e presenta dous recintos amurallados e incluso outro antecastro máis exterior pero sen defensas ben definidas. Foi un dos primeiros escavados con certa metodoloxía arqueolóxica, o que achegou datacións absolutas que permitiron

reformular os distintos períodos da cultura castrexa.

As primeiras campañas realizáronse nos anos 40 do século XX por Florentino López Cuevillas e Xaquín Lorenzo Fernández (Xocas). Desde o ano 2018 estanse a levar a cabo campañas arqueolóxicas anuais para a posta en valor do dito xacemento a través da escavación e consolidación das estruturas arqueolóxicas descubertos na campaña inicial, así como ampliando a escavación co fin de definir e comprobar datos para seguir avanzando na investigación deste xacemento.

Exposición de ferramentas da loita contra incendios

O Museo Etnográfico de Ribadavia acolle “EPIs e ferramentas da man das bombeiras e bombeiros forestais”, unha exposición sobre utensilios e aparatos empregados na loita contra os incendios.

A mostra está composta por 54 pezas cedidas pola Brigada de Reforzo en Incendios Forestais, BRIF de Laza, o Servizo de Prevención de Incendios de Ourense, así como polo bombeiro Roi Juan López Muriel.

Entre as pezas expostas, cómpre destacar os primeiros equipos de comunicación, ele-

mentos de topografía, un queimador e equipos de protección persoal. Tamén se inclúen os traxes de traballo e outros elementos como botas, cascos, máscaras de protección, cubre calugas ou gafas. Así mesmo ferramentas como fáchón de goteo, mochilas extintoras, lanzas de manguera, lanternas e estoxos de primeiros auxilios entre outros. A mostra, que estará aberta ao público ata o 31 de xaneiro, complétase con fotografías, paneis explicativos e dous monitores para a proxección de vídeos sobre esta temática.

Camiño Emprendedor por Vilar de Barrio, Xunqueira de Ambía e Ourense



Etapas polo Camiño Mozárabe ou Vía da Plata.

A décima etapa do proxecto Galicia Camiño Emprendedor cubriuse por Vilar de Barrio, Xunqueira de Ambía e Ourense. Emprendedores galegos están a percorrer tramos do Camiño da man da Xunta e a Fundación Ronsel para impulsar o talento e o emprego; baixo o lema escollido para esta nova edición do programa, 12 etapas, 12 retos.

Os obxectivos son os de promocionar Galicia e o Camiño de Santiago como des-

tino de lecer e actividade económica, percorrendo algunha etapa de todos os roteiros oficiais do Camiño de Santiago e pasando polas catro provincias galegas, apoiar aos e as profesionais autónomos e empresarios e empresarias, acompañándolles na consolidación e mellora dos seus negocios e promover a sustentabilidade nas empresas de economía social, autónomos e empresarios, vinculando os seus negocios aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

A programación do Ano Laxeiro achega o legado do pintor á cidadanía

O conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez, celebrou que a programación do Ano Laxeiro estea a achegar o legado do pintor lalinense á cidadanía con iniciativas que permiten reflexionar sobre a súa inconfundible pegada e mergullarse en aspectos insólitos das súas creacións. Así o afirmou esta tarde en Ourense durante a inauguración da exposición Acción Laxeiro na que estivo acompañado polo delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, e na que tamén participou o presidente da Deputación, Manuel Baltar, e o presidente da Real Academia Galega de Belas Artes, Manuel Quintana Martelo.

A mostra estreada no centro



Cultural Marcos Valcárcel forma parte das actividades impulsadas pola Real Academia Galega de Belas Artes en colaboración da Xunta de Galicia co gallo do Día das Artes Galegas, dedicado este ano a Laxeiro. Trátase dunha ex-

posición itinerante que inclúe unha performance e que iniciou a súa programación na Coruña para continuar en Ferrol, Ourense, onde estará ata o mes de decembro, Lugo, Vilagarcía de Arousa, Lalín e Vigo.

Axudas para paliar os danos en vivendas de Valdeorras

A Xunta de Galicia xa concedeu 1,1 millóns de euros en 14 axudas para paliar os danos causados en vivendas polos incendios forestais deste verán na comarca de Valdeorras, tal e como avanzou Ángeles Vázquez, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nunha reunión con propietarios de inmobles afectados. A conselleira tamén explicou que se recibiron 39 solicitudes.

Ángeles Vázquez lembrou que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda sufraga o 100% do valor de reposición en caso de ruína da residencia habitual e de instalacións complementarias, e tamén ata ese máximo para cubrir os gastos de ser posible a reparación ou rehabilitación, sen que o importe poida superar os 122.400 euros. Para as residencias non habituais, a axuda pode abarcar os 61.200 euros, tanto no caso de determinarse a ruína como no de rehabilitación ou reparación.



Esta orde de axudas está dotada con 3,2 millóns de euros para o 2022-2024.

Logo de incidir en que non poderán recibir axudas os inmobles en estado ruinoso ou abandonados antes dos incendios, a conselleira salientou que o dano no enxoval doméstico de vivendas ruinosas cóbrease cunha axuda do 100% dos gastos de reposición cun límite de 15.000 euros, cando sexa habitual, e dun 50% cun límite de 5.000 euros, cando sexa ocasional. Nos demais supostos, o importe é de ata o 100% co límite de 7.000 euros ou do 50% dos gastos de reparación ou re-

posición do enxoval, co límite de 3.000€, en función de que o enxoval sexa o da vivenda habitual e permanente ou o da vivenda ocasional, respectivamente.

Estas axudas serán compatibles con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de sistemas públicos ou privados, estatais ou internacionais, ata o límite do valor do dano producido, ou, de ser o caso, da contía ou porcentaxe deste establecidas nesta resolución.

A Xunta recupera o retablo da igrexa de Santa María de Macendo

A actuación permitiu blindar a estrutura do retablo e recuperar a policromía naquelas zonas que estaban máis deterioradas, especialmente no espazo central. “Ao comezo dos traballos os técnicos detectaron que o elemento máis deteriorado era a estrutura polo que se centraron en recuperala e evitar así o risco de colapso”, afirmou o conselleiro Román Rodríguez.

Celebrou que a intervención permita garantir “o mellor futuro ao noso pasado máis singular” e dar unha segunda vida a este retablo do século XIX situado nun dos bens patrimoniais máis singulares do concello de Castrelo do Miño e incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. “Un dos principais símbolos patrimoniais deste concello é pre-



cisamente esta igrexa que todos temos o deber de conservar e manter e da que os veciños senten tremendamente orgullosos”, destacou.

En concreto, as obras que contaron cun investimento de case 70.000 euros, consistiron na revisión, limpeza e fixación

da policromía, dos elementos decorativos da zona do ático e do soporte. Así mesmo, modificouse tanto o enfadado que vai desde a zona da sancristía ao interior da fornela da Virxe como o que atravesa o marco do panel da porta esquerda de acceso á sancristía ata o chan, posibilitando a apertura da mesma e reforzouse a estrutura. Tamén levou a cabo unha desinsectación curativa e preventiva e instaláronse tres novos focos led para a iluminación do conxunto do retablo e da fornela central.

O proxecto completouse coa eliminación de elementos alleos á obra, coa restauración das imaxes e coa reintegración cromática naquelas zonas do retablo na que o paso do tempo e a deterioración provocara lagoas na policromía.

Obras de mellora do firme na estrada de Ribadavia a Cea



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de iniciar as obras de mellora do firme na estrada OU-504, ao paso polos concellos de Ribadavia e de Cea, que suporán un investimento de 1,1 millóns de euros. Os traballos consisten na rehabilitación do firme da OU-504 entre a intersección coa estrada N-120 en Ribadavia e a intersección coa OU-901 en Cea, en concreto, entre os puntos quilométricos 1+460 ao 1+800; e do 2+900 ao 28+080.

Segundo o treito e o estado actual do firme, realizaranse fre-

sados e reposicións de 5 e 10 cm de espesor, e disporase unha nova capa de rodaxe mediante o estendido dunha mestura bituminosa en frío, tipo microaglomerado. As obras incluírán a habilitación de cunetas de seguridade de formigón, incluíndo tubo dren e recheo co material de fresado da propia obra para reforzar a seguridade viaria.

Tamén se mellorarán os camiños, mediante estendido do material de fresado da propia obra e o selado mediante unha rega asfáltica. Ademais acometerase a limpeza e o reperfilado das marxes.

Promoción do comercio local



As asociacións de comerciantes impulsan os negocios locais.

A campaña “Mercar no teu comercio ten premio”, impulsada pola Federación Galega de Comercio co apoio da Xunta de Galicia ten o obxectivo de achegar o consumidor aos establecementos locais e poñer en valor as súas vantaxes.

A iniciativa desenvólvese en máis de 40 localidades de toda Galicia e en 11 da provincia de Ourense (O Barco, Allariz, Xinzo de Limia, Verín, Ourense cidade, Ribadavia, Celanova, O Carballiño,

Castro Caldelas, Maceda e Barbadás), sorteando máis de 40.000 euros en premios entre os clientes do comercio de proximidade. Estenderase ata finais de novembro a través de campañas dunha semana de duración en cada unha das localidades.

Os tickets das compras realizadas no comercio local nese tempo poderán cambiarse o día final da campaña por boletos de participación no sorteo en directo de premios, consistentes en tarxetas prepago de 30 e 50 euros.

GADIS DÁCHE MÁIS

**SORTEAMOS
50 VALES DE
300€**



Participa por cada 20€ de compra
do 3 ao 23 de novembro.

Non aplicable a gadisline.com



Castrelo de Miño recibiu a “Nós, a Xente do redor”

O Auditorio Municipal de Castrelo de Miño foi escenario da presentación do volumen 8 da revista cultural de Ourense “Nós, a Xente do Redor”. Marina Sánchez, poeta e artista multicultural e youtuber, presentou o acto e falou da importancia da cultura: “Imos facendo cestos, tecendo fíos, espallando cultura.”

Na benvinda, o alcalde, Avelino Pazos, convocou a gardar un minuto de silencio polo falecemento do alumno do instituto Julio Prieto Nespereira de Ourense, desculpando tamén por mor desta trágica nova, a ausencia do delegado da Xunta Gabriel Alén. Laudou o traballo colectivo pola cultura: “a cultura da que vive tanta xente e que dende as institucións temos a obriga de apoiar. Castrelo de Miño ten os brazos abertos para recibir a Xente do Redor e as súas iniciativas”.

Juan Manuel Casares Gándara, falou do miragre que representa editar cada número. Trazou unha analoxía do “Ribeiro coma pomba dourada da que estou namorado e quero que vos tamén o esteades.” Lembrou a coincidencia da data coa presentación da Revista NÓS, da que se cumprían 102 anos e convidou a defender a nosa Língua e a nosa Terra, “celebrando a vida dende todos os frentes”.

O autor da portada, Miguel Ángel Martínez Coello, lembrou a outra gran riqueza do Ribeiro: as augas termais, e a historia máis sobranceira de Castrelo de Miño.

Manuel Blanco Villar, director do Museo Casa do Patrón de Lalín, convidou a todos a seguir loitando a reo polas nosas tradicións, que non chega con amar a cultura e a nosa obriga defendela e apoiála.

Estiveron presentes moitos dos autores deste número: María González Méndez, Francisco Mendo Monteiro, Manuel Blanco Villar, Benito Eladio Rodríguez, Armando González, Marina Sánchez, Miguel Ángel Martínez Coello, Olga Novoa, César Luís Santamarina, Carlos Ares, Pablo Cid, Marila Abad, Desmond Peter Eke, Avelino Jácome, Juan Manuel Casares Gándara, Esteban Sánchez Escuredo e Miguel Blanes.

Entre os asistentes a senadora e presidenta da Fundación Carlos Velo Carmen Leyte Coello e en representación da Asociación Cultural Queixumes dos Pinos, María Rita Mira Doallo e Uxía Seoane Cid: Non faltou un emocionado recordo a Fernando Gabelo e José Antonio Viñas que nos deixaron recentemente. Neste número publícase un texto de Rosendo Fernández coma de homenaxe á figura de Viñas, ilustre ourensán que levou polo mundo o folclore e a Ourense.

O escritor e poeta César Luís Santamarina adiantou o nomeamento da publicación aos XLV Premios da Crítica de Galicia no apartado de iniciativas culturais e científicas. O apartado musical correu a cargo de Antonio Barros e Ialma, Daniel Rincón e Maximino Miguez (Maxi) o acordeonista de Lalín.

Despois do acto os asistentes degustaron un viño ofrecido pola Ruta do Viño do Ribeiro e participaron nun xantar de confraternidade na Parrillada O Rincón, de Barral. A xornada rematou coas visitas a Igrexa de Santa María en Castrelo de Miño (Monumento Histórico Artístico) e ao Museo do Viño de Galicia.

Avelino Jácome, director da publicación, agradeceu “o apoio da Deputación de Ourense, Política Lingüística, Ruta do Viño do Ribeiro, Museo Casa do Patrón, Aurea Asociación Diabética, JBA Servicios Inmobiliarios, Aplitec Suministros Industriales, Nenos Ourense e Orixe Publicidade e Comunicación”.

Jácome referiuse a “o cento de autores que colaboraron nestes oito números editados, os músicos e artistas que nos acompañaron de xeito totalmente altruista dende o comezo; ao Concello de Castrelo de Miño, ao seu alcalde Avelino Pazos, o tenente de alcalde José Antonio Ferreiro Verea e todo o seu equipo, e a todo o público que de xeito masivo nos acompaña e nos empurra.” Con vistas ao futuro, Avelino Jácome prometeu “loitar a reo para seguir xunguido vontades, animar a novos artistas, dar pulo a nosa cultura dentro e fora de Galicia; sementar pinguiñas de esperanza para que agromen os bos e xenerosos, porque penso que a bondade e a maior manifestación da intelixencia, e un Pobo intelixente sentese orgulloso das súas raíces, do seu xeito de ser e o transmite e o defende”.



Foto de familia.



Avelino Jácome, director da publicación.



Avelino Pazos, alcalde de Castrelo de Miño.



Juan Manuel Casares Gándara, presidente do CRDO Ribeiro.



Casa Parrocha

Tapas e ambiente xenial

tódolos días
a partir das 19:30
(pechamos os martes)

Ven a Parrochar con nós !!!

Nova ubicación !!

Rúa Irmáns Villar, 12 Ourense



TAPERÍA

al barbería

Especialidade en comidas caseiras

988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense